

PLAN DE IGUALDADE

IES. “Río Miño” de Rábade

1. Introducción

Enténdese por Educación en Igualdade a ferramenta que permite combater as situacións de desigualdade e discriminación de xénero presentes no ámbito educativo e na sociedade en xeral. Este plan de igualdade está concibido, por tanto, co fin de facilitar a introdución da perspectiva de xénero de modo transversal en todos os contidos, espazos, relacións etc, que se desenvolven no noso centro educativo.

O presente Plan de Igualdade do “IES Río Miño” procura ser unha ferramenta para garantir o cumprimento do marco lexislativo actual nas prácticas do profesorado e nas relacións interpersoais de todos os membros da comunidade educativa, e unha guía de referencia para que toda a comunidade respecte a todas as persoas e asuma un modelo educativo inclusivo no que se traballe a prol da igualdade de homes e mulleres.

Hai cuestións organizativas relacionadas coa igualdade de xénero que teñen que funcionar no centro:

Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.

Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias a convivencia por razón de xénero.

Concreción dos obxectivos coeducativos nos dos plans do centro.

Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.

Definición das medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero. concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.

Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero

O Claustro de profesores, en reunión ordinaria celebrada o de de 202, avaliou e aprobou o Plan que aquí se presenta.

O Plan é informado ao Consello Escolar, en reunión ordinaria celebrada o de de 202.

2. Marco Lexislativo

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo.

- Tratado de Funcionamento da Unión Europea.

Artigo 8. No eido concreto da educación, a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, despois de 2015, considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

- Lexislación nacional.

Constitución Española de 1978.

Artigo 9.2: Corresponde a los poderes públicos promover las condiciones para que la libertad e igualdad del individuo y de los grupos en los que se integra sean reales y efectivas; remover los obstáculos que impidan o dificulten su plenitud y facilitar la participación de la ciudadanía en la vida política, económica, cultural y social.

Artigo 14: “Los españoles son iguales ante la ley, sin que pueda prevalecer discriminación alguna por razón de nacimiento, raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social”.

Real Decreto 1686/2000, del 6 de octubre, por el que se crea el Observatorio de la Igualdad de Oportunidades entre mujeres y hombres.

Ley Orgánica 5/2002, de 19 de junio, de las Cualificaciones y de la Formación Profesional.

Ley 30/2003, de 13 de octubre, sobre medidas para incorporar la valoración del impacto de género en las disposiciones normativas que elabore el Gobierno.

Ley orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género.

Ley orgánica 2/2006, do 3 de mayo, de educación.

Preámbulo. Para la sociedad, la educación es el medio de transmitir y, al mismo tiempo, de renovar la cultura y el acervo de conocimientos y valores que la sustentan, de extraer las máximas posibilidades de sus fuentes de riqueza, de fomentar la convivencia democrática y el respeto a las diferencias individuales, de promoverla solidaridad y evitarla discriminación, con el objetivo fundamental de lograr la necesaria cohesión social.

Entre los fines de la educación se resaltan el pleno desarrollo de la personalidad y de las capacidades afectivas del alumnado, la formación en el respeto de los derechos y libertades fundamentales y de la igualdad efectiva de oportunidades entre hombres y mujeres, el reconocimiento de la diversidad afectivo-sexual, así como la valoración crítica de las desigualdades, que permita superar los comportamientos sexistas.

Ley Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.

Artículo 23. La educación para la igualdad de mujeres y hombres.

El sistema educativo incluirá entre sus fines la educación en el respeto de los derechos y libertades fundamentales y en la igualdad de derechos y oportunidades entre mujeres y hombres.

Asimismo, el sistema educativo incluirá, dentro de sus principios de calidad, la eliminación de los obstáculos que dificultan la igualdad efectiva entre mujeres y hombres y el fomento de la igualdad plena entre unas y otros.

Artículo 24. Integración del principio de igualdad en la política de educación.

1. Las Administraciones educativas garantizarán un igual derecho a la educación de mujeres y hombres a través de la integración activa, en los objetivos y en las actuaciones educativas, del principio de igualdad de trato, evitando que, por comportamientos sexistas o por los estereotipos sociales asociados, se produzcan desigualdades entre mujeres y hombres.
2. Las Administraciones educativas, en el ámbito de sus respectivas competencias, desarrollarán, con tal finalidad, las siguientes actuaciones:
 - a) La atención especial en los currículos y en todas las etapas educativas al principio de igualdad entre mujeres y hombres.
 - b) La eliminación y el rechazo de los comportamientos y contenidos sexistas y estereotipos que supongan discriminación entre mujeres y hombres, con especial consideración a ello en los libros de texto y materiales educativos.
 - c) La integración del estudio y aplicación del principio de igualdad en los cursos y programas para la formación inicial y permanente del profesorado.

d) La promoción de la presencia equilibrada de mujeres y hombres en los órganos de control y de gobierno de los centros docentes.

e) La cooperación con el resto de las Administraciones educativas para el desarrollo de proyectos y programas dirigidos a fomentar el conocimiento y la difusión, entre las personas de la comunidad educativa, de los principios de coeducación y de igualdad efectiva entre mujeres y hombres.

f) El establecimiento de medidas educativas destinadas al reconocimiento y enseñanza del papel de las mujeres en la Historia.

Ley 3/2007, de 15 de marzo, reguladora de la rectificación registral de la mención relativa al sexo de las personas.

Ley orgánica 8/2013, del 9 de diciembre, para la mejora da calidad educativa.

Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febrero, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales de la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de igualdad.

Artículo 17. El currículo regulador del sistema educativo.

1. La Xunta de Galicia adoptará, dentro de sus competencias, las medidas conducentes a proporcionar, tanto a las mujeres como a los hombres, una educación para la igualdad. A estos efectos, el currículo regulador de la práctica docente de cada uno de los niveles, etapas, ciclos, grados y modalidades del sistema educativo se adaptará a las siguientes especificaciones relativas a objetivos, contenidos, metodología y criterios de evaluación:

a) La comprensión del valor constitucional de la igualdad entre ambos sexos como objetivo de especial atención, sin que, en ningún caso, se admitan contenidos, metodología o criterios de evaluación transmisores, directa o indirectamente, de una distribución estereotipada de papeles entre los sexos o de una imagen de dominación de un sexo sobre el otro en cualquier ámbito de la vida.

b) El enriquecimiento del contenido curricular con las contribuciones al conocimiento humano realizadas por las mujeres en el pasado y en el presente, y con el adecuado reflejo del papel de las mujeres en la evolución histórica.

c) La adquisición, en alumnos y alumnas, de los conocimientos y actitudes necesarias que les permitan, cuando alcancen la madurez, atenderá sus propias necesidades domésticas y a las labores familiares compartidas, inclusive las cargas parentales y la atención de familiares que, por

dependencia, necesiten la asistencia de otras personas, mujeres u hombres.

d) El fomento de las vocaciones femeninas en aquellas áreas en que se encuentren infrarrepresentadas las mujeres y el fomento de las vocaciones masculinas en aquellas áreas en que se encuentren infrarrepresentados los hombres, buscando evitar las decisiones profesionales derivadas de prejuicios.

e) La garantía de la coeducación en la Comunidad Autónoma de Galicia dentro de sus competencias propias.

2. La Xunta de Galicia incluirá en los programas de formación del profesorado, como materia específica, la igualdad y la violencia de género.

Artículo 18. Erradicación de prejuicios en los centros docentes.

1. No se admitirán, en el centro docente, las desigualdades entre alumnos y alumnas sustentadas en creencias, prejuicios, tradiciones o prácticas consuetudinarias transmisoras, directa o indirectamente, de una distribución estereotipada de papeles entre los sexos o de una imagen de dominación de un sexo sobre el otro en cualquier ámbito de la vida.

2. De forma directa, las docentes y los docentes no permitirán ninguna forma de machismo y de misoginia que pudiera existir en el seno de la comunidad escolar y, en particular, entre niños y niñas y adolescentes, aplicarán activamente principios pedagógicos de respeto a la identidad y a la imagen de las mujeres.

Con tales efectos, en los reglamentos internos de los centros educativos, se habrán de explicitar las medidas de corrección o sanción de comportamientos sexistas.

Pacto de Estado contra la Violencia de Género (27 de julio de 2017)

Recole que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria.

Entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación aquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

- Legislación autonómica

Estatuto de Autonomía de Galicia (1981).

Corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas, removendo obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos e as galegas na vida política, económica, cultural e social.

Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007- 2010).

Lei pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia (2014).

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Decreto lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro. Capítulo IV: A educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres.

VI Plan Galego para a igualdade entre homes e mulleres. (Estratexia 2013–2015).

Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto lexislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero. (Abril 2016).

I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte a violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia. Observatorio Galego de Violencia de Xénero (2017).

VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

2017-2020.

A Instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para a elaboración de Plans de igualdade no curso 2019/2020, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, obriga aos centros educativos a dotarse dun Plan de Igualdade, para garantir de maneira regulamentada que o principio de igualdade presida todas as actuacións que interveñan no proceso educativo.

3- Contexto.

O I.E.S. “Río Miño” está situado na vila de Rábade, sendo un centro de liña tres. Neste centro cúrsanse os estudos do ensino obrigatorio (de 1º a 4º da ESO), Bacharelato, dúas modalidades (o de Ciencias e o de Humanidades e Ciencias Sociais), e ademais conta actualmente con un Programa de Mellora do Aprendizaxe e do Rendemento que se imparte este ano soamente no curso 3º da ESO.

A creación deste Centro data de 1996/97 ano no que se implantou 1º da ESO e que posteriormente se foi aumentando ata finalizar a súa implantación no curso 99/00. No curso 2006-07, empezouse a impartir o Bacharelato.

O Profesorado: no presente curso 22/23 o persoal docente está composto por 33 docentes. A profesora de Relixión comparte o noso centro co instituto de Guitiriz “Poeta Díaz Castro”. Tamén traballan no centro dúas conserxes, e unha administrativa como persoal non docente.

O alumnado, 244 neste curso, 136 mulleres e 108 homes, proveñen dos concellos de Outeiro do Rei, Rábade e Begonte.

Tamén acoden ó Centro rapaces e rapazas dos concellos de Guitiriz e Cospeito por proximidade co mesmo.

A repartición do alumnado é a seguinte: 197 pertencen a ESO e 47 a Bacharelato.

Polo que respecta á comarca que abarca o Centro atópase situada no centro da provincia de Lugo, formando parte polo Norte das terras da Terra Chá, ó Sur da capital da provincia, ó Leste coa Terra Chá mentres ó Oeste únese coas terras que limitan as provincias de Lugo e A Coruña.

A superficie total da bisbarra é de 265 km e a súa poboación próxima aos 12.000 habitantes ó que dá unha densidade media de 44 habitantes/km lixeiramente superior ó total provincial de 40.7 pero máis baixa ca media galega.

A actividade económica da zona está claramente dominada polas explotacións agrarias, que ocupa a cerca do 65 por cento da poboación activa. Non obstante debido a atracción que exercen as capitais dos concellos sobre os municipios circundantes, obsérvase nestes núcleos un certo desenvolvemento dos sectores secundarios e terciarios.

4. Liñas Prioritaria

Este Plan de Igualdade pretende ser un documento permanentemente aberto ás achegas de todos os membros da comunidade que permita ser un marco de referencia para a consolidación dun modelo coeducativo que permita dispoñer de todas as ferramentas precisas para erradicar todas as prácticas sociais que dificultan co fomento e potenciación dunha educación en igualdade entre mulleres e homes no ámbito educativo, baseándose nestes principios:

1) Valores democráticos.

A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos

2) Transversalidade

A perspectiva de xénero integrárase no proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade nas políticas públicas educativas.

3) Inclusión

A aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.

4) Igualdade de oportunidades

O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.

Visibilidade

O plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

O obxectivo é motivar a participación da comunidade educativa na promoción da igualdade, na eliminación dos estereotipos, na prevención da violencia machista e na visibilización da diversidade afectivo sexual.

5. Obxectivos

5.1 Obxectivos xerais.

- Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na práctica docente.

- Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito da escola.
- Respecto dos dereitos, deberes e liberdades de mulleres e homes.
- Educar en igualdade lonxe dos estereotipos, prexuizos e discriminación por razón de sexo u orientación sexual.
- Velar porque o noso centro educativo transmita unha imaxe igualitaria, plural enon estereotipada de mulleres e homes.
- Fomentar a corresponsabilidade no ámbito doméstico.
- Previr, sensibilizar e actuar ante actitudes e situacións de acoso.
- Actuar en casos de sospeita ou certeza de violencia de xénero.

5.2 Obxectivos específicos.

Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

- Promover a educación emocional en igualdade. Promocionar a alfabetización emocional en valores como a empatía, a autoestima, a non violencia...
 - Potenciar o uso da linguaxe inclusiva na comunicación externa e interna do centro.
 - Favorecer na comunidade educativa a linguaxe inclusiva ñas relación interpersoais entre iguais e adultos.
 - Sensibilizar á comunidade educativa sobre a existencia de estereotipos de xénero vinculados ás esferas profesional e á vida persoal e familiar.
 - Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia da corresponsabilidade.
 - Promover o empoderamento e autoestima feminina.
 - Visibilizar as mulleres nos distintos campos do saber.
 - Ofrecer unha orientación profesional libre de estereotipos sexistas.
 - Promover a elección académica libre de estereotipos.
- Incentivar a práctica de deporte en Igualdade no centro.
 - Realizar actividades complementarias e extraescolares que potencien as relacións de

igualdade entre o alumnado.

Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero

- Promover a formación do profesorado e alumnado na resolución de conflitos sen violencia.
 - Traballar a resolución pacífica de conflitos, insistindo na advertir e na promoción de relacións non violentas entre iguais.
 - Fomentar formas de convivir baseadas no respecto e diálogo.
 - Prever a violencia en todos os seus aspectos.
 - Desmontar os mitos e estereotipos en torno á violencia para apostar pola responsabilidade social.
- Promover actuacións relativas a sensibilización, visibilización e prevención da violencia de xénero desenvoltas no ámbito da acción tutorial.
 - Dotar á comunidade educativa dos mecanismos, coñecementos e habilidades precisos para detectar as diversas manifestacións da violencia de xénero e actuar de xeito contundente ante ela.

Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual

- Promover a diversidade e a xustiza dende o respecto a aquilo que é diferente.
- Colaborar cos axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todas as persoas destinatarias da comunidade educativa.
- Impartir talleres para a abordaxe da educación afectiva e sexual dende o respecto á diversidade e o desenvolvemento dun proxecto de vida libre e saudable en plenitude.
- Visibilizar a diversidade afectivo-sexual, ofrecendo referentes de persoas con identidade de xénero ou orientación sexual non-normativa, e recoñecer a diversidade familiar.
- Crear espazos amables e inclusivos, que reflectan a diversidade.

Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia

- Proporcionar información e formación a toda a comunidade educativa, e favorecer entre o alumnado a aprendizaxe e a práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na

tolerancia á sexualidade, co fin de evitar situacións incómodas, humillantes e incluso acoso ou transfobia cara este tipo de alumnado.

- Dar a coñecer persoas, organizacións e fitos relevantes do movemento polos dereitos do colectivo LGBTI.
- Facilitar unha resposta unánime que garanta o dereito á identidade de xénero, desenvolvendo o protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

6. CONTIDOS

6.1 EMOCIÓN

- a. Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade. b. As emocións na xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.

6.2 CURRÍCULOS

- a. Análise dos libros de texto e materiais curriculares.
- b. Visibilización das mulleres nos distintos campos do saber.
- c. O feminismo como movemento social, político e filosófico.
- d. As desigualdades e discriminacións por sexo.

6.3 ADOLESCENCIA. IDENTIDADES. RELACIÓNS.

- a. Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.
- b. Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.
- c. A construción social do amor.
- d. Escaleira da violencia machista na adolescencia. Indicadores de violencia sexual.
- e. Redes sociais. Cara e cruz: axentes de igualdade e cibercrimes de xénero.

6.4 LINGUAXE E INVISIBILIZACIÓN DAS MULLERES.

- a. Uso non sexista da lingua. Nivel oral e escrito.

6.5 ASPECTOS ORGANIZATIVOS DO CENTRO.

- a. Ocupación e uso dos espazos: patio, aulas.
- b. Actividades deportivas.
- c. Equilibrio de alumnas e alumnos nos grupos.

d. Presentación de datos desagregados por sexos.

7. Ferramentas e estratexias para a consecución dos obxectivos.

- Este Plan pretende ser unha guía aberta ás aportacións da comunidade educativa para canalizar as accións coas que pretendemos promover o respecto a todos os individuos da comunidade escolar.
- Os Proxectos curriculares nos que convén visibilizar as achegas das mulleres ao progreso na historia da humanidade: O currículo de cada materia delimita o que ha de ser ensinado, aprendido e avaliado polo que debe ser inclusivo, integrador e igualitario; porén, a aplicación da perspectiva de xénero ás programacións de aula é imprescindible para evitar transmitir unha visión androcéntrica do mundo.
- Plan de Acción Titorial
- Plan de Convivencia.
- Coordinador/a de Igualdade. O seu labor será a de coordinar a Comisión de Igualdade e axudar a mellorar e actualizar o Plan de Igualdade no centro.

Comisión de Igualdade. Composto por persoas de todos os sectores da comunidade educativa. outorgando unha dimensión integral ao proxecto no que todo o mundo poida achegar e opinar.

- Biblioteca Escolar. A biblioteca deberá ser, como ven facendo, o punto de referencia de recursos bibliográficos e multimedia.

8. PROXECTOS E ACCIÓN COEDUCATIVAS

1. TÍTULO: EMOCIONADOS/AS. COEDUCACIÓN EN EMOCIÓN.

DESCRICIÓN

Nos distintos niveis da ESO e nalgúns sesións de tutoría, traballarase a educación emocional en igualdade, con actividades incluídas no PAT. En 2º ESO e 3º ESO, seis sesións de Emocionados/as. Coeducación en emocións.

Outra proposta é incluír, nalgúns currículos, diversas propostas para traballar a educación emocional nas aulas.

OBXECTIVOS

Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas. Traballar cos alumnos a

sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado. Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo
CONTIDOS
Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade. As emocións na xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado de ESO

METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS

Activa e participativa. Dinámicas en titorías.

TEMPORALIZACIÓN

Todo o curso

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación. Enquisa ao alumnado que recibiu sesións de Emocionadxs

2. TÍTULO: MATERIAS ESPECÍFICAS IGUALDADE DE XÉNERO (2º ESO) COEDUCACIÓN PARA O SÉCULO XXI .

DESCRICIÓN

Seguir promocionando as materias de Igualdade de Xénero e Coeducación para o século XXI, desde as que se traballarán todos os contidos expostos anteriormente. O alumnado de 1º BAC realiza charlas en 1º ESO con motivo dalgunha data significativa e en 4º ESO para informar sobre a materia de Coeducación. O alumnado de 2º ESO efectúa no 3º trimestre un vídeo promocional sobre Igualdade de Xénero.

OBXECTIVOS

Cóñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.

Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.

Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo.

Uso dunha linguaxe non sexista a nivel oral e escrito. Evitar chistes e comentarios sexistas, así como todo tipo de apelativos diversifóbicos.

Reflexionar sobre a utilización igualitaria de espazos no recreo para rapazas e rapaces, diversificando as actividades realizadas nel (patio, aulas...)

Desigualdade nas relacións afectivo-sexuais na adolescencia. Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.

Sinais para detectar situación de machismo no centro e intervención directa.

Creación dun grupo LGBTI+

CONTIDOS

Emocións

Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade.

As emocións na xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.

Adolescencia. Identidades, relacións.

Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.

Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.

A construción social do amor.

Escaleira da violencia machista na adolescencia.

Indicadores de violencia sexual.

Redes sociais. Cara e cruz: axentes de igualdade e cibercrimes de xénero.

Linguaxe e invisibilización das mulleres.

Uso non sexista da lingua. Nivel oral e escrito.

Aspectos organizativos do centro.

Ocupación e uso dos espazos: patio, aulas.

PERSOAS DESTINATARIAS Alumnado 2º ESO e 1º BAC.

METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS

Activa e participativa. ABP (Aprendizaxe baseada en proxectos)

Material audiovisual. Prensa

TEMPORALIZACIÓN

Todo o curso.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación. Valoración final do alumnado das materias. Demanda das materias no curso 23/24.

3. TÍTULO: INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA COEDUCATIVA NAS ESTRUTURAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

DESCRICIÓN Mediación e Cibermentoría

Na xestión de conflitos, análise de casos desde a perspectiva de xénero, dando especial atención ás redes sociais como espazos de relación.

Equipos de axuda (EA)

Equipos paritarios, onde a formación e seguimento tamén se fai atendendo a criterios coeducadores.

OBXECTIVOS

As emocións

Coñecer e nomear as emocións, como paso previo á expresión das mesmas.

Traballar co alumnado a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.

Perspectiva coeducativa nos aspectos organizativos de centro.

Criterio coeducativo na composición dos grupos.

A desigualdade nas relacións afectivo-sexuais na adolescencia. Sinais para detectar situación de machismo no centro e intervención directa.

CONTIDOS

Emocións

Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade.

As emocións na xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.

Adolescencia. Identidades, relacións.

Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.

Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.

A construción social do amor.

Escaleira da violencia machista na adolescencia.

Indicadores de violencia sexual.

Redes sociais. Cara e cruz: axentes de igualdade e cibercriminosos de xénero.

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado dos equipos de axuda, mediación e cibermentoría.

METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS

Activa e participativa. Dinámicas, dramatizacións role-playing...

Material: Torrego, Avilés e Boqué.

TEMPORALIZACIÓN

Equipos de axuda: novembro

Mediación e Cibermentoría: ao longo do curso

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN Observación. Enquisas valorativas de alumnado, profesorado, familias e axentes formadores.

4. TÍTULO: PERSPECTIVA COEDUCATIVA NA REVISIÓN DOS DOCUMENTOS E A PÁXINA WEB DO CENTRO

DESCRIPCIÓN

Desde unha perspectiva coeducativa, revisar aqueles documentos, incluídos no PEC, que están sen actualizar, tanto nos contidos como na linguaxe.

Revisión da linguaxe non sexista na páxina web.

OBXECTIVOS

Revisión de documentos.

Consolidar unha linguaxe coeducativa escrita, en todos os documentos do centro, ademais de cartas,

comunicados, cartellaría, boletíns...

CONTIDOS

Uso non sexista da lingua. Nivel escrito.

PERSOAS DESTINATARIAS

Toda a comunidade educativa.

METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS

Análise da documentación examinada.

TEMPORALIZACIÓN

Todo o curso

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación.

5. TÍTULO: PRESENTACIÓN DOS DATOS DESAGREGADOS POR SEXO

DESCRICIÓN

Presentación no Claustros/CCP/Consellos Escolares dos datos desagregados por sexo en informes/memorias de convivencia e resultados académicos.

OBXECTIVOS Perspectiva coeducativa nos aspectos organizativos de centro. Uso dunha linguaxe non sexista a nivel escrito e oral.

CONTIDOS

Linguaxe e (in)visibilización das mulleres.

-Uso non sexista da lingua. Nivel oral e escrito.

PERSOAS DESTINATARIAS

Profesorado e integrantes do Consello Escolar pertencentes a sectores da comunidade educativa.

METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS

Análise dos datos.

TEMPORALIZACIÓN

Todo o curso

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación.

6. TÍTULO: CURRÍCULOS IGUALITARIOS

DESCRICIÓN

De xeito gradual, efectuarase unha actualización curricular e unha revisión dos materiais didácticos con perspectiva coeducativa.

Durante o 1º trimestre, desde cada departamento didáctico, e desde a temática que se considere máis

axeitada, realizarase un traballo de construción dun novo coñecemento. Este pretende incorporar nos currículos escolares, os saberes das mulleres nos diferentes ámbitos e como o coñecemento está construído desde unha perspectiva androcéntrica. No caso de realizarse exposicións temáticas, poderanse organizar visitas das familias.

A planificación e seguimento deste proxecto farase a través das reunións quincenais dos departamentos de Ciencias e Letras, en coordinación coa Comisión de Igualdade.

Tamén se pode incluír como proxecto nalgúna materia, a análise dos libros de texto (imaxes, fotos, linguaxe, enunciados, temáticas...). Realizaríao o alumnado e deseñaría unha unidade desde unha óptica igualitaria.

Relacionado co anterior, tamén se inclúe unha relación de criterios coeducativos na selección dos libros de texto:

- Uso dunha linguaxe inclusiva non sexista.

- As imaxes que se recollen para ilustrar os diferentes temas presentan a diversidade que actualmente temos na nosa sociedade e non dan unha imaxe estereotipada das profesións, ocupacións e intereses das persoas.

- Presenza de varóns se se tratan temas relacionados co coidado e o afecto (de persoas e/ou labores domésticos)

- Presenza de mulleres cando se tratan temas científicos, tecnolóxicos, históricos, deportivos ou de iniciativa persoal e éxito profesional.

- O sexo das persoas profesionais que aparecen, se están mediatizadas por unha división do traballo. -

Protagonismo de mulleres e varóns nos diferentes temas que se traten, se existen referentes de mulleres empoderadas, con autoridade social ou política, se aparecen homes que sexan referentes dunha masculinidade non tradicional, se de maneira xeneralizada aparecen varóns como suxeitos da acción e mulleres como obxecto das accións.

Aportación de mulleres e homes ao longo da historia en todos os ámbitos culturais, sociais ou políticos, resaltando que a aportación das mulleres foi, tradicionalmente, invisibilizada e descoñecida para o común da cidadanía.

OBXECTIVOS

Formación do profesorado.

Implicar na tarefa coeducativa a un maior número de profesorado, especialmente homes. Exemplificar, co noso traballo diario, unha actitude coeducadora.

Analizar e revisar os currículos.

Desde unha perspectiva feminista, revisar os materiais didácticos empregados nas aulas, para detectar e corrixir de xeito progresivo, estereotipos sexistas ou discriminatorios, linguaxe sexista e a fenda de datos de xénero.

Incorporar referentes femininos nos currículos das diferentes áreas.

Uso dunha linguaxe non sexista a nivel oral e escrito.

CONTIDOS

Curriculos

Análise dos libros de texto e materiais curriculares.

Visibilización das mulleres nos distintos campos do saber.

O feminismo como movemento social, político e filosófico.

As desigualdades e discriminacións por sexo.

Linguaxe e invisibilización das mulleres.

Uso non sexista da lingua. Nivel oral e escrito.

PERSOAS DESTINATARIAS

Todo o alumnado, profesorado, persoal non docente e familias.

METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS

Cada departamento didáctico determinará a metodoloxía empregada, así como os materiais e recursos.

Procurarase unha metodoloxía activa que busque e se centre no protagonismo do alumnado, o traballo en equipo e a curiosidade por descubrir outra visión dos temas curriculares.

TEMPORALIZACIÓN
1º e 2º trimestre.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación. Número de profesorado e departamentos didácticos participantes nesta actividade.

Participación e valoración do alumnado (enquisa). Participación das familias.

7. TÍTULO: BIBLIOTECA DESCRICIÓN

As actividades coordinadas pola Biblioteca inclúen a coeducación como principio vertebrador (datos significativas, clubs de lectura, vitrina exterior...)

O espazo FEMINISMOS, inaugurado este curso, seguirá incrementando os fondos con títulos solicitados polos diferentes departamentos didácticos e considerados de interese para o alumnado.

OBXECTIVOS

Incorporar referentes femininos nos currículos das diferentes áreas.

Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.

Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo.

Uso dunha linguaxe non sexista a nivel oral e escrito.

Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.

CONTIDOS

Curriculos

Visibilización das mulleres nos distintos campos do saber.

O feminismo como movemento social, político e filosófico.

As desigualdades e discriminacións por sexo.

Adolescencia. identidades. relacións.

Configuración das identidades.

Feminidades e masculinidades igualitarias.

Educación afectivo-sexual.

Diversidade afectivo-sexual.

A construción social do amor.

Linguaxe e (in)visibilización da muller. Uso non sexista da lingua. Nivel oral e escrito.

PERSOAS DESTINATARIAS

Todo o centro.

METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS

A conmemoración de datas significativas realizaranse en coordinación cos departamentos didácticos implicados, especialmente Educación Plástica.

A vitrina coeducativa será utilizada como expositor de novidades ou como espazo temático, ben vinculado a algunha obra de lectura, ben algún día sinalado.

Fondos bibliográficos.

TEMPORALIZACIÓN

Todo o curso

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación. Enquisa valorativa.

8. TÍTULO: TODOS OS DÍAS SON 8. TODOS OS MESES SON MARZO

DESCRICIÓN

Visibilizar o feminismo nos distintos ámbitos a partir de datas mensuais significativas, achegando ao alumnado dos distintos niveis, a necesidade dunha perspectiva feminista en diferentes disciplinas.

1. Outubro.

Día das Escritoras

2. Novembro.

Día da Filosofía.

Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres

3. Decembro.

Día Mundial da loita contra a Sida

4. Xaneiro.

Día Internacional de Conmemoración en memoria das vítimas do Holocausto

Día Escolar da Paz e a non Violencia

5. Febreiro. Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia

6. Marzo.

Día Internacional da Muller

7. Abril.

Día Internacional do Deporte para o Desenvolvemento e a Paz

8. Maio.

Día das Letras Galegas

Día da Internet

Día Internacional contra a Homofobia, a Transfobia e a Bifobia

OBXECTIVOS

Implicar na tarefa coeducativa a un maior número de profesorado (especialmente, homes) Incorporar referentes femininos nos currículos das diferentes áreas.

Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.

Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo.

Uso dunha linguaxe non sexista a nivel oral

A desigualdade nas relacións afecvosexuais na adolescencia.

Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.

Sinais para detectar situación de machismo no centro e intervención directa.

CONTIDOS

Emocións

Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade.

As emocións na xestión pacífica dos conflitos: empatía, escoita activa, comunicación asertiva.

Currículos

Análise dos libros de texto e materiais curriculares.

Visibilización das mulleres nos distintos campos do saber.

O feminismo como movemento social, político e filosófico.

As desigualdades e discriminacións por sexo.

Adolescencia. identidades. relacións.

Configuración das identidades.

Feminidades e masculinidades igualitarias.

Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivosexual.

A construción social do amor.

Escaleira da violencia machista na adolescencia.

Indicadores de violencia sexual.

Redes sociais. Cara e cruz: axentes de igualdade e cibercriminosos de xénero.

Linguaxe e invisibilización das mulleres.

Uso non sexista da lingua. Nivel oral.

PERSOAS DESTINATARIAS

Todo o alumnado do centro e profesorado.

METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS

Charlas e talleres. Espazo: Aula d usos múltiples.

Honorarios poñentes: partida de Igualdade e centro.

TEMPORALIZACIÓN

De outubro a maio.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación. Valoracións do alumnado e profesorado.

9. TÍTULO: 17 MAIO (DÍA INTERNACIONAL CONTRA A HOMOFOBIA E A TRANSFOBIA)

DESCRIPCIÓN

Campaña As nosas familias son de cores. Entrevistamos a unha persoa LGTBI da nosa familia ou do entorno próximo e presentámola en positivo ao resto da clase. É unha maneira de visibilizar e fomentar en positivo a diversidade sexual e as distintas identidades de xénero coas que convivimos.

OBXECTIVOS

A desigualdade nas relacións afectivo-sexuais na adolescencia.

Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.

CONTIDOS

Emocións

Coeducación en emocións : educación emocional en igualdade.

Adolescencia. Identidades. Relacións

Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.

Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivosexual.

A construción social do amor.

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado da ESO

METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS

Activa e participativa.

Realización dun produto final co traballo realizado (vídeo, exposición...)

TEMPORALIZACIÓN

3º trimestre

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación. Número de alumnado e familias participantes. 1

10. TÍTULO: CHARLAS DE IDENTIDADES E RELACIÓNS AFECTIVO-SEXUAIS NA ADOLESCENCIA

DESCRICIÓN

Charlas sobre as identidades adolescentes, educación afectivo-sexual.

OBXECTIVOS

Traballar cos alumnos a sensibilidade, a tenrura, a empatía e todas aquelas emocións vinculadas co coidado.

Traballar coas alumnas a seguridade, a autoestima e o concepto de beleza sustentado na saúde do corpo.

A desigualdade nas relacións afectivo-sexuais na adolescencia.

Sensibilización no alumnado. Outras formas de ser mozos e mozas: novos modelos de masculinidades e feminidades.

Sinais para detectar situacións de machismo.

CONTIDOS

Emocións

Coeducación en emocións: educación emocional en igualdade.

Adolescencia. Identidades. Relacións.

Configuración das identidades. Feminidades e masculinidades igualitarias.

Educación afectivo-sexual. Diversidade afectivo-sexual.

A construción social do amor.

Escaleira da violencia machista na adolescencia. Indicadores de violencia sexual.

Linguaxe e (in)visibilización das mulleres. Uso non sexista da lingua a nivel oral.

PERSOAS DESTINATARIAS

3º e 4º ESO.

METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS

Participativa

Equipo CMG

Orzamento de Igualdad

TEMPORALIZACIÓN

1º trimestre

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación. Enquisas valorativas do alumnado.

11. TÍTULO: DÁMONOS A COÑECER

DESCRICIÓN

Creación dunha sección na páxina web para difundir o Plan de Igualdade e todas as actividades relacionadas. Tamén se pretende seguir difundíndoas a partir das redes sociais do instituto (Facebook e Instagram da Biblioteca)

Convocatoria dun concurso desde a Biblioteca, en colaboración co Departamento de Educación Plástica para escoller o noso LOGO COEDUCATIVO. Este incluírase en todas as acción coeducativas realizadas no centro.

OBJECTIVOS

Perspectiva coeducativa nos aspectos organizativos do centro.

Implicar o alumnado no deseño da sección web.

Difundir o labor realizado no centro.

CONTIDOS

Todos os contidos traballados nas outras acción coeducativas.

PERSOAS DESTINATARIAS

Toda a comunidade educativa.

METODOLOXÍA. MATERIAIS E RECURSOS

Departamento TIC e Educación Plástica.

TEMPORALIZACIÓN

1º e 2º trimestres

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Observación.

Visitas da páxina web e redes sociais.

9.AVALIACIÓN, SEGUIMIENTO E REVISIÓN

A metodoloxía empregada para a realización da avaliación debe combinar unha análise cuantitativa (medir os resultados) e outra cualitativa (apreciar a dinámica e os resultados e valorar vivencias). Así, na avaliación do Plan, cómpre comparar todas as actuacións definidas previamente co seu desenvolvemento real, ademais do número de persoas implicadas nelas e o efecto producido.

Isto permite medir se se está no camiño de acadar os obxectivos previstos, se as actividades contribúen

ao logro dos mesmos e planificar futuras accións. Así, irase facendo un seguimento ao longo do curso e unha valoración global, ao final do ano académico.

Os criterios de avaliación aplicados a cada unha das medidas coeducativas desenvoltas deben ser: pertinencia, eficacia, eficiencia, efectos e sustentabilidade e utilizarase para a valoración:

- Observación participante. As persoas implicadas directamente no desenvolvemento do Plan observarán actitudes, roles, diferenciación sexual nas actividades deseñadas, etc...
- Número de persoas participantes (alumnado, profesorado, familias)
- Estimación das actividades que se realicen por parte dos distintos departamentos didácticos.
- Nalgunha actividade pedirase valoración crítica de persoas con criterio coeducativo, pero non vinculadas directamente ao proxecto (familias, colectivos profesionais...).
- Enquisas final curso (profesorado, familias, alumnado) e/ou entrevistas. Estas últimas pretenden coñecer a percepción dun determinado aspecto en concreto e a valoración da(s) persoa(s) entrevistada(s)

Alguns dos indicadores de logro para a avaliación nas distintas accións:

- Porcentaxe de profesorado implicado por nivel e departamentos didácticos (30%).
- Porcentaxe de profesorado varón implicado por nivel e departamentos didácticos (30%).
- Porcentaxe de unidades didácticas elaboradas con perspectiva coeducativa (50%).
- Porcentaxe de manuais de texto revisados (30%).
- Porcentaxe de familias que participan nas actividades nas que poden colaborar (20%).
- Porcentaxe de profesorado participante no grupo de traballo (25%).
- Porcentaxe de incremento da linguaxe non sexista a nivel oral e escrito (30%).
- Porcentaxe de alumnado implicado no grupo lgtbi+ (30%).
- Porcentaxe de titorías adicadas á coeducación en emocións (50%).
- Porcentaxe de profesorado que inclúe no currículo da súa materia a educación emocional (10%)
- Porcentaxe de conflitos xestionados positivamente (50%).
- Porcentaxe de alumnos participantes en actividades tradicionalmente femininas (clubs de lectura, estruturas de axuda, teatro...) 20%.
- Porcentaxe de alumnas en actividades deportivas (40%).
- Porcentaxe de presentación de datos desagregados por sexo (a nivel académico e de convivencia) (50%).
- Porcentaxe de alumnado participante nas actividades realizadas en datas significativas (20%)
- Porcentaxe de solicitude de bibliografía feminista na biblioteca (30%).

A revisión do Plan efectuarase unha vez se teña feito a avaliación, a finais de curso e de cara ao curso académico 2023/24.

Utilizarase o instrumento de análise CAME (Corrixir os puntos débiles, Afrontar as ameazas, Manter os puntos fortes e Explotar as oportunidades) do que sairán propostas de acción para mellorar e avanzar no plan de igualdade, unha vez realizada a avaliación.